

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE POSITIVO OU DE ILLAMENTO POR COVID-19 NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Publicada a Resolución do Ministro de Xustiza, do 23 de marzo de 2020, sobre seguridade laboral da Administración de Xustiza durante a pandemia COVID-19, indícase a continuación o protocolo de actuación no caso de positivo ou de illamento, segundo o fixado na dita resolución, coas necesarias concrecións das referencias aos órganos competentes no territorio desta comunidade autónoma:

a) Por parte do afectado:

- Contactar co servizo de saúde e seguir as súas instrucións.
- Comunicar a situación de incapacidade temporal ao servizo de xustiza da xefatura territorial correspondente a través dos seguintes correos electrónicos:

A Coruña: servizo.xustiza.coruna@xunta.gal

Lugo: persoal.presidencia.lugo@xunta.es

Ourense: sxsal.xustiza.ourense@xunta.gal

Pontevedra: servizoxustiza.vi@xunta.es

- Comunicar a situación aos seus respectivos superiores xerárquicos/funcionais: letrado/a da Administración de xustiza e titular do órgano xudicial/fiscal ou subdirector/a ou directora do IMELGA.
- Informar ao seu círculo laboral máis próximo.

b) Por parte do superior xerárquico/funcional do traballador afectado:

- Comunicar o positivo (e se for o caso, a incapacidade temporal) ou a indicación de illamento recibida polo traballador ou traballadora ao servizo de xustiza da xefatura territorial correspondente a través dos seguintes correos electrónicos:

A Coruña: servizo.xustiza.coruna@xunta.gal

Lugo: persoal.presidencia.lugo@xunta.es

Ourense: sxsal.xustiza.ourense@xunta.gal





Pontevedra: servizoxustiza.vi@xunta.es

- Adoptar as decisións organizativas oportunas para garantir a prestación dos servizos esenciais.
- Comunicar a situación de forma urxente ao persoal do órgano ou oficina do traballador ou traballadora respectivo para os efectos de que se poidan adoptar as medidas de precaución oportunas.
- A dita comunicación comprenderá tanto a confirmación do positivo coma as recomendacións das autoridades sanitarias.
- Se o resto de traballadores non presenta síntomas de infección respiratoria (febre, tose, dispnea, dores musculares, etc.), recoméndase extremar as medidas xerais de hixiene e protección dos demais empregados, tales como:
 - Evitar o contacto físico directo con outras persoas.
 - Evitar permanecer de forma prolongada a distancias menores de 2 metros dos demais.
 - Evitar, na medida do posible, as reunións e as actividades grupais.
 - Extremar as medidas de hixiene respiratoria, como por exemplo cubrir o nariz e mais a boca ao tusir ou esberrar, preferiblemente coa parte interior do cóbado ou cun pano desbotable (que se debe tirar adecuada e inmediatamente nunha papeleira).
 - Lavar as mans de xeito frecuente (con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas), especialmente despois de tusir, esberrar e tocar ou manipular panos ou outras superficies potencialmente contaminadas.
 - Evitar botar as mans á cara.

As medidas xerais de prevención que se propoñen deben ser tomadas fundamentalmente pola persoa que tivo o contacto. Pola súa banda, os demais deben colaborar para que as medidas de prevención se poidan practicar e materializar o máis adecuadamente posible.



c) *Por parte da xefatura territorial correspondente:*

- Darlles ás empresas de limpeza as instrucións pertinentes para intensificar as medidas de limpeza e desinfección do posto de traballo e zonas de uso común.
- Comunicarlles ás autoridades sanitarias respectivas tanto o caso positivo coma as circunstancias que sexan necesarias para que as ditas autoridades poidan valorar a adopción das medidas oportunas.
- Comunicar a información e as resolucións adoptadas polas autoridades sanitarias referentes ás ordes de peche, cesamento da actividade laboral, illamento ou outras.
- No caso de que o positivo se produza nun Xulgado de paz ubicado en instalacións de propiedade municipal, comunicar ao concello dita circunstancia.
- Dar conta á Dirección Xeral de Xustiza das anteditas actuacións ao correo electrónico xustiza@xunta.gal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Juan José Martín Álvarez

Director xeral de Xustiza

